

Un paralelo lingüístico insospeitado*

1. Seica non é segredo para quen dela terma que a receita de filoloxía pide fervura, a lume lento e tapada a ola do contexto, do que segue: freba de erudición, aceite de método, fariña de senso común (pró ligame) e un saúdo de condimentos imaxinativos. Nesta peciña teño mentes de me acaroar a un malfadado recuncho da latinidade; no percorrido hase ver como a un fato de latinistas, quizaves por se teren esquecido do testo e descoitado as proporcións, fóselle-la man nun só dos ingredientes de xeito que a mistura saú feble de celme. Sinalarei, pois, onde fica o seu erro, denantes de me meter no cerne do problema á procura dunha interpretación engaiolante. Como a lingua galega estivo na raiceira desta argallada clásica, no traguela eiquí non hai abuso da revista.

2. Desacouga, nefeuo, o tratamento dado ó sintagma *duri(que) sues* do v. 132 (*lolligo, durique sues sinuosaque caris*) das *Halieutica* pseudo-ovidianas. Mesmo que ispido da autoridade dos estudiosos que se teñen ocupado en o desencerellar, por eso presumo eu que *sues* non debería acochar un peixe no senso restrinxido, ía decir científico, deste termo¹. Non me trabucara a intuición, pra acada-la seguranza abondaría unha consideración sinxela dabondo: nun trecho coma o que veño de copiar —o lector xa se decatou pola súa conta de que o devandito ictiónimo vai arrodeado de molusco céfalópodo (*lolligo* 'lura') e crustáceo (*caris* 'camarón')—, non é doado atopar tal cousa se non é a poder de supor que ó anónimo versificador lle non importaba de arranxa-la materia do seu poema cunha migalla de siso; pro non semella ben asiado barallar a treu especies de natureza tan varia nunha obra que tenciona ser un coma manual de ictiología. (Ve-leiquí o nó do meu argumento: sen probas vencellantes do contrario², é

* Versión plena dunha notiña tiduada "The Pig and the Sea-hare", que agarda publicación en *Rheinisches Museum für Philologie*.

¹ Cáseque todos eles porfiaron no *Balistes carolinensis* (Gmelin), o dito *cangulo* polos portugueses. Esbarón rechameiro porque "il *Balistes* non predilige i fondali fangosi ed arenosi como le especie que leggiamo nei versi precedenti ... Il pesce preferisce fondi scogliosi e foreste calcaree" (F. Capponi, *P. Ovidii Nasonis Halieuticon II*, Leiden, E. J. Brill, 1972, p. 574).

² Non teño por tal o v. 115, *inmitisque suae conger* (*E cancer ABCD*) *per uolnera gentis*, onde os mais antigos manuscritos dan un crustáceo (*cancer* 'cangrexo') entre peixes: de seu nin a idade nin tampouco a unanimidade dos testigos son criterios infalibéis da verdade dun testemuño, se manca a compañía da probabilidade interna. (Véxase a fina defensa de *conger* en E. De Saint-Denis (ed.), *Ovide, Halieutiques*, Paris, Les Belles Lettres, 1975, p. 59 ad loc.) De *lepores* fálase abaixo, parágrafo 4 coa nota 16.

principio valdeiro de contido, xa que logo de operatividade, o de proceder coma se o poeta arrenegara da esixencia de craridade consustancial ó xénero didáctico). Por outra banda, ándame a proe-la idea de que os nomes gregos e latinos do porco levaban en si mais virtualidade polisémica do que se pensa³; o hóspede do cortello presenta fasquía e comportamentos suxeitos pra facer xermolar, no maxín faiscante dos pescadores, a comparanza con diversas crases de animalias das augas⁴. E remato agora mesmo o parrafeo metodolóxico, non se me alongue e arrastre após de si aquela bul-renta sentencia de Gottfried Hermann, de que teima no método quen que-re cubrir a súa ignorancia do lero⁵.

3.1. Tralo refugo das propostas alleas cómpre aliñavar unha nova, que en veces o trocamento de perspectiva abasta pra furar nas escuridades. Pois ven: despoixas de moito matinar, ousaría perguntar (ós lexicógrafos con mais escola ca min) se este *sus*⁶ non terá sido outro nomeamento do que, sempre que eu saiba, chaman as fontes latinas *lepus (marinus)* 'lebre de mar', e no que as autoridades modernas disteran unha sorte de molusco gasterópodo da familia dos Aplísidos⁷. Pra esteo da sospeita no que atinxe á posibilidade lingüística, hai que tirar por forza da forma galega *porco*⁸, casualmente unha bestiña daquela caste⁹. Con este alicerce, abofé, sería unha miga afoutado afirmar que os antigos chegaran a empregar tamén eles tal dispoñibilidade teórica; pro un indicio razonábel de que así puido ser albíscase nas verbas *offa informis*, coas que Plinio o Vello¹⁰ describiu o fei-tío da lebre de mar: a deformidade apara, sen dúbida, un punto de seme-lanza antre os dous animais moi axeitado pra empurra-la ramificación se-

³ O olvido deste vieiro, e maila probeza de noticias percisas, dan conta das difi-cultades dunha identificación peneirada dos mesmos. (Discusións polo miúdo en A. C. Andrews, "Greek and Latin Mouse-fishes and pig-fishes", *TAPhA* 79, 1948, 238 e 253; F. Capponi, *op. cit.*, pp. 571-574; H. Leitner, *Zoologische Terminologie beim Alteren Plinius*, Hildesheim, Verlag Dr. H. A. Gerstenberg, 1972, p. 184 s.v. *orthagoriscus*).

⁴ R. Strömberg (*Studien zur Etymologie und Bildung der griechischen Fischnamen* [Acta Universitatis Gotoburgensis 49:2], Göteborg 1943, p. 101) enumera os seguintes puntos de vista que adoitan intervir "für die Namengebung" de animais acuáticos se-gundo o nome do cocho e do seu conxénere o xabarín: 1.º semellanzas de estrutura es-terna, coma gordura, fuciños esnafrados, grosura de labios, etc.; 2.º ceibamento dun gorleo; 3.º abafallo do acuático se este non é aproveitábel pra compango do home; 4.º o non terrestre tamén xanta 'landras'; 5.º ámbolos dous gostan de enredar na por-callada. E non están tódolos posibeis (cf. o étimo de Isidoro, nota 6).

⁵ "Wer nichts über die Sache versteht, schreibt über die Methode" (citado por E. J. Kenney, *The Classical Text. Aspects of Editing in the Age of Printed Book*, Berkeley [Los Angeles] London, University of California Press, 1974, p. 130).

⁶ E poida que tamén o diminutivo vulgar *suillus* (Isid. orig. 12.6.12 *porci marini, qui vulgo uocantur suilli, qui dum escam quaerunt, more suis terram sub aquis fodiunt*), porque a sinonimia do bispo hispalense non afitou (cf. De Saint Denis, *Le vocabulaire des animaux marins en latin classique*, Paris, Librairie C. Klincksieck, 1947, p. 90).

⁷ Cf. De Saint-Denis, coma en nota 6, pp. 54-55.

⁸ Prego con homildade que se me non alcume de chauvinista, pois teño ben furgados os estudos sober do tema e naide dá paralelo ningún noutra lingua.

⁹ Na terminoloxía pedante dos iniciados na zooloxía, a *Aplysia punctata* Cuv. (cf. M. C. Ríos Panisse, *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I Invertebrados y peces* [Verba. Anuario Gallego de Filología, Anejo 7], Universidad de Santiago de Compostela 1977, p. 91).

¹⁰ Nat. 9.155.

mántica do lexema ¹¹. A prol da identificación testemuñan, ó meu ver, tanto o contexto próximo (a secuencia fluiría entón máis lóxica: molusco + molusco + crustáceo), coma o lonxano (dende o v. 118 [*At contra herbosa pisces laetantur harena*] estase a elencar especies ícticas con moradía nas xebres areeiras, *habitat* declarado do porco de mar). É mester engadir, finalmente, que a sinonimia *sus* = *lepus* habería que entendela mellor a nivel de xénero do que de especie.

3.2. Mais érguese o reparo de que as notas sensíbeis do molusco non cangan co senso propio do adxectivo *duri(que)*: o porco de mar é mol ó tacto, e o paladar nada tiña de apoñer ó que —axiña se verá— non era comedio. Pra esvaílo non fallan saídas: ou ademitimos ¹² que val por *crudelis|immitis* (cf. ThLL V, i. 2308.45) ou tornámo-la leición herdada en *diri(que)* ¹³, pois que o xénero en cuestión gañara sona proverbial na literatura clásica de velenoso ¹⁴. A escolla podería estar no contraste cos usos de *durus* noutros pasaxes do poemíña, e a análise deles revela que o puxo beira de peixes agresivos e perigosos pola ferida dos seus apéndices óseos ou espiñosos ¹⁵. Agás por traslado, adur se xustifica predicalo dunha creatura carecente de tais armas e inofensiva no seu meio natural (Plin. nat. 32.8 *eadem res in mari nec tactu quidem nocet*); antes entreollo que o autor —ou as fontes, que a distinción non paga a pena— quixo avisar que era manxar de consecuencias funestas (Plin. med. 3.34 *Saeviunt quidam et marino lepore, qui cum sit genus piscis, mortem infert in cibo inpactus*), hipótese na que sería moi axustado o emprego de *dirus* ('de mal agoiro'). Un coñecemento mais afondado das realidades de composición e transmisión do texto permitirá decidir se esta conxectura de meu denunciou outra falcatrúa dos copistas ou, pola contra, caíu na lastrada de tenta-la correición do orixinal.

¹¹ Requitado el en demasía, Apuleio solpréndese de que ó imporlle nome non se contara coa existencia no bandullo do molusco dunha cadea de formacións óseas parellas a osíños de porco (Apol. 40 *pisciculum, quem uos leporem marinum nominatis ... solus ille ... cum sit cetera exossis, duodecim numero ad similitudinem talorum suillorum in uentre eius conxa et catenata sunt*). A exactitude anatómica desta descripción confirmouse en experimentos modernos, cf. H. E. Butler - A. S. Owen, *Apulei Apologia*, Oxford 1914, ad loc.).

¹² Cando eu cismaba somentes na emendación do texto, o prof. Dr. M. C. Díaz y Díaz alertoume cara a esta raposería. (Neste intre, teño por obriga lediciosa de darlle amosa pública do meu agradecemento polos reiterados galanos de tempo e saberes).

¹³ Que xa se lía nunha, cando menos, das edicións do naturalista, e asemade filólogo clásico de mérito, C. Gesner; pro o fundamento para a dar ó prelo non o puíden polo de agora pescudar. (Como na copia dunha delas [Tiguri 1556?], que me procurou a fineza do Dr. Dietfried Krömer, da Universidade de Colonia, non se comenta ren sober desta miudeza e os códices supérstites están contestes en *durique*, mesmo é posíbel que algún editor humanista denantes del cometera un dos nomeados en crítica textual "erros de recoñecemento", se non chantou aí unha conxectura de propia minerva).

¹⁴ Cf. D'A. W. Thompson, *A Glossary of Greek Fishes*, London, Oxford University Press, 1947, pp. 142-143.

¹⁵ No primeiro deles (v. 97 *ac durus xiphias ictu non mitior ensis*) pénsase na dureza da arma ofensiva do peixe espada, ó que algunhas xentíñas de nós chaman moi espresivamente 'furabarcos'; no segundo (v. 116 *et capitis duro nociturus scorpius ictu*) é a cachola ategada de espiñas o que demanda a retención do herdado, malia a pretensión de Birt de imprentar *diro* (cf. J. A. Richmond (ed.), *The Halieutica Ascribed to Ovid*, London, The Athlone Press, 1962, p. 84 ad loc.).

4. E esto abeirounos ó pecho do traballo. Secomasí, por mor de non deixar fío no nobelo, quero suliñar aínda que o acerto no proposto rende confirmación adicional a un punto debatido (e con certo aquel pra recompoñer un banzo mais antergo) das Halieutica. O caso é que a concordia dos manuscritos verbo do primeiro hemistiquio do v. 126 (*tum lepores lati*) non siñifica que *lepores* saíra do cálamo do poeta: pondo de parte a imposibilidade ictiolóxica apuntada con grande sabencia por De Saint-Denis¹⁶, ¿e el non abraia que sen saír do mesmo contorno xurda un xénero propio co dous nomes diferentes?¹⁷ A valenza dun método calisquer xúlgase, de certo, na súa capacidade pra integra-los datos nun todo sen fendeduras. Polo que hoxe sabemos, coído que a resposta negativa conleva, no eido dos principios, o rexeitamento destemido da obxeción que motivou todo este badúe de latinorios; na práctica, quitarlle ó filólogo a ferramenta pra elucidalo texto e descubrir —e sandar se cadra— as desfeitas das boas xentes do oficio de escribanía, lances nos que pende a súa arte. *Noster in arte labor positus, spes omnis in illa* (Hal. 82).

RAMON BALTAR VELOSO

Dpto. de Filoloxía Latina
Universidade de Santiago

¹⁶ Na edición, p. 63 ad loc. Parfraseo o seu desenrolo: que a crenza de bater cun molusco nunha ringleira de peixes planos (vv. 124-126 *fulgentes soleae* ['lenguados'] *candore et concolor illis* | *passer* ['solla'] *et Hadriaco mirandus litore rhombus* ['rodaballo'], | *tum lepores lati, tum molles tergore ranae* ['peixes sapos']) é un aldraxe ó senso común, de contado se descobre polo feito de que o epíteto *lati* non lle acae ás lebres de mar.

¹⁷ Cecáis a sotileza dos partidarios do *textus receptus* (hai un século Th. Birt [*De halieuticis Ovidio poetae falso adscriptis*, Berolini 1878, p. 118], nos nosos días Richmond [edición, p. 89 ad loc.]) non dexergou a táboa salvadora na posibilidade de que *lepus* tivera sido tamén polisémico, quérese decir, peixe plano en *Hal.* 126 e molusco en tódalas outras ocorrencias coñecidas. Non dubido que a tarefa de demostralo sexa xogo de rapaces pra xenios témeros, coma foi o do tudesco Birt; pra min, conféssoo, ten semblante de proba amolecemios.